



V 68e

“Boas tardes, Maruxiña  
hoxe véñote pedir;  
que de tanto que che quero  
sin ti non poido vivir-e.”

“Pois por moito que me queiras,  
moito mais ch’eu quero a ti:  
todo o día e tod’a noite,  
sempr’estou pensando en ti-e.”

“U teu amor, Maruxiña,  
moito me fai padecer;  
asta de noite na cama  
nunca poido adormecer-e.”

“Dese mal tamén eu sufro,  
meu amor, meu queridiño:  
non poido prender no sono  
pensando no teu cariño.”

“Pois agora, miña nena,  
tranquila podes estar,  
porque se teu pai nos deixa  
logho nus vamos casar-e.”

“Por meu pai non hai coidado,  
u pior é miña nai,  
que dixu que me mataba  
i-antes deixarme casar-e.”

“Miña nai xa ven alí;  
xa está metendo un ghando:  
faleillo con moitu xeito  
que tén un xenio moi malo.”

“Boas tardes miña sogra,  
véñolle pedi-la filla,  
se ma dá séntom’un pouco  
se non, marchó mais axiña.”



“Eu a filla nun cha dou,  
qu’ é moi nova pa casar;  
solo tén corenta i-anos  
e pódese destraghar-e.”

“¡Alabado sea Dios!  
¡O que me di miña sogra:  
que vai destragha-la filla,  
e nun tén dentes nin moas!”

“Eu a filla nun cha dou,  
nun teño que che facer;  
que ti es un halgazán  
e non tés con que a manter-e.”

“Eu téñolle un oficio,  
xa sabe que son gheiteiro,  
e ando de festa en festa  
e ghano moito diñeiro.”

“A túa ghaita, Farruco,  
traí á miña filla tola:  
nin traballa nin descansa,  
sempre pensandu na boda.”

“Pois pa poñela tranquila  
debes deixala casar  
que despois de casadiña  
ghaita non ll’a de faltar-e.”

Arreglaron os papeles,  
trataron u casamento;  
dentro de moi poucos días  
casáronse moi contentos.

Cando saliron da ilesia  
dixo a pobre da rapaza:  
“Farrucu, se non recelas,  
hasme d’enseña-la gaita”.

“Aghora non cha podó ensinar  
que a teño moi gardadiña  
xa cha enseñarei á noite  
facendo unha fuliadiña.”



Pero así que veu a noite,  
a rapaza non s'olvidaba,  
botoull'a vista ó punteiro  
e dixo que lle ghustaba.

“Pois agora, miña nena,  
ghaita non ch'ha de faltar,  
festa arriba e festa abaixo,  
xa t'encherás de beilar-e.”

“O pior é a barrigha  
si non temos que comer,  
pero tocando na ghaita  
e habémonos distraer-e.”